



PRESENTACIÓN

Obxectivos e programas

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

Na súa primeira parte analízase as principais características da proposta do Marco Financeiro Plurianual da UE-27 e da nova política de cohesión comunitaria para o período 2021-2027.

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2014-2020 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2019, mediante as anualidades do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil en relación co “Obxectivo de Investimento en Crecemento e Emprego”, así como as relacionadas co “Obxectivo de Cooperación Territorial Europea”. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2019 a asignación das políticas sectoriais de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca do período 2014-2020, a través das anualidades do FEADER e do FEMP, respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

